



Nº 2

R E V I S T A O R A L

Sábado, 31 de marzo de 2007 Revista oral de periodicidade semestral, editada polo Museo Provincial do Mar e a Rede Museística da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Hora: 19 horas. Lugar: Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo (Lugo). Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Duración aprox.: 1,30 h. Coordina: Antonio Reigosa.

Número dedicado a **Antonio Noriega Varela** con motivo do sesaxésimo aniversario do seu pasamento

<http://avozdoscarraos.blogspot.com>

SUMARIO

Portada musical

París-La Habana / Música e interpretación: Miguel Lustres (3')

Bio-bibliografía (I)

Antonio Noriega Varela. A época, por X. Ramón Freixeiro Mato (7')

Memoria familiar (I)

por Daniel Noriega (7')

Lectura

De ruada (I), por Cristina Lombao (5')

Música

Polca de Doncos / Música e interpretación: Miguel Lustres (3')

Bio-bibliografía (II)

Antonio Noriega Varela. Vida, por X. Ramón Freixeiro Mato (7')

Memoria familiar (II)

por Daniel Noriega (7')

Lectura

De ruada (II), por Cristina Lombao (5')

Música

Antón / Música e interpretación: Miguel Lustres (3')

Bio-bibliografía (III)

Antonio Noriega Varela. Obra, por X. Ramón Freixeiro Mato (7')

Música

Tango mindoniense / Música e interpretación: Miguel Lustres (3')

Memoria familiar (III)

por Daniel Noriega (7')

Lectura

De ruada (III), por Cristina Lombao (5')

Música (estreia)

O demo / Letra: A. Noriega Varela / Música: Xoán L. F. Saavedra / Intérpretes: Antón Castro e Xoán L. F. Saavedra (3')

Homenaxe musical e gráfica

comentada por Santi Noriega. Audición de *As froliñas* (1999); A. Noriega (letra), E. Toldrá (música), M^a Lluisa Muntada (voz), J. Surinyac (piano). Ilustran gravados de M^a Xosé Merino para o libro *Tenuis pluvia*. (8')

Opinión

Intervención do público (3')

Epílogo

por Antonio Reigosa (5')

Contraportada musical (estreia)

Laverquiña / Letra: A. Noriega Varela / Música: Miguel Lustres / Interpretación: Miguel Lustres e Antón Castro (2' 30")

Agradecemos a colaboración de
Aurelia Balseiro e Mercedes
Salvador

COLABORAN NESTE NÚMERO

Antón Castro

Mestre de Música no CEIP de Outeiro de Rei. Ten impartido numerosos cursos en Centros de Formación, para Movimentos de Renovación Pedagólica e Universidades, tanto en Galiza como no resto do Estado. En tódolos cursos nos que participa, a tradición é base, tanto no terreo da literatura, como no da música ou no da arquitectura. Como maquetista, dentro do Colectivo Tranqueira, ten desenvolvido proxectos para museos. Un deles é a exposición permanente no Museo Provincial sobre a vivenda tradicional no Camiño Francés, e o estudo sobre das pallozas na provincia de Lugo.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Cances-Carballo (A Coruña), 1951. Licencouse en Filoloxía Románica e en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago. Na actualidade é Profesor Titular da área de Filoloxías Galega e Portuguesa na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, universidade na que se doutorou o ano 1992 cunha tese sobre Noriega Varela e a edición crítica da súa obra completa. É autor dos seguintes libros e traballo sobre este autor: *A cara oculta de Noriega Varela* (Laiovenzo, 1992); *Da montaña o corazón* (Producción literaria e lingua en Noriega Varela) (Fundación Caixa Galicia/El Progreso, 1993), obra gañadora do 7º premio Anxel Fole; *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa* (Deputación Provincial de Lugo, 1994, 2 vols.); "Unha visión das relacións culturais galego-portuguesas nos anos vinte a través da correspondencia entre Teixeira de Pascoaes e Noriega Varela" (*Boletín Galego de Literatura*, nº 11, 1994); "Noriega Varela, poeta lusófilo" (*Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. 2, Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, 2000); "Noriega Varela no Gaitero de Lugo. Sobre a autoría de tres textos poéticos escritos en galego durante a guerra civil" (*A Nosa Terra*, 26.11.1992) etc. Tamén é autor de *Lingua galega: normalidade e conflito* (Laiovenzo, 1997, 5ª ed. corrixida e acrecentada en 2002); *Gramática da Lingua Galega I. Fonética e fonoloxía* (A Nosa Terra, 1998); *Gramática da Lingua Galega III. Semántica* (A Nosa Terra, 1999); *Gramática da Lingua Galega II. Morfosintaxe* (A Nosa Terra, 2000); *Manual de Gramática Galega* (A Nosa Terra, 2001, 269 pp.); *Gramática da Lingua Galega IV. Gramática do texto* (A Nosa Terra, 2003, 208 pp.); *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito* (Monográfico nº 3 da *Revista Galega de Filoloxía*, ÁREA de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC, 2005), obra gañadora do Premio da Crítica 2006 na modalidade de investigación; *Lingua, nación e identidade* (Laiovenzo, 2006) etc.

Xoán L. Fuertes Saavedra

Lugo, 1955. Exerce profesionalmente como asesor fiscal. A súa actividade musical está vinculada a FUXAN OS VENTOS dende a fundación do grupo no ano 1972, en outubro do mesmo ano participa co grupo no III Festival de As San Lucas de Mondoñedo (Lugo), un dos festivais-concurso más importantes do momento, onde gañan o primeiro premio. Ata a gravación do último disco *Na memoria dos tempos* (2002) é ben coñecida a actividade do grupo na que participa tocando violín, viola, guitarra, bouzouki e voz, ademais de facer os arranxos para instrumentos e voces de diversos temas. Na actualidade dedícase ó estudio dos distintos cancioneiros da música tradicional galega, facendo

unha escola e arranxo de temas para a súa interpretación polo grupo.

Mª Cristina Lombao Ramos

Lugo, 1964. Xornalista, locutora da Radio Galega (CRTVG) desde 1987. Foi distinguida co Premio de Artes e Tradicións Populares do Ministerio de Cultura, modalidade de radio, ano 1988.

Miguel Lustres

Mondoñedo, 1958. Licenciado en Filoloxía Hispánica e dedicado profesionalmente ao ensino, inicia estudos musicais na súa cidade natal. No conservatorio compostelán estuda solfexo e ten como profesor de piano a Xoán Trillo. Cantor fundador do Coro Universitario canta como tenor solista en diversas ocasións baixo a dirección de Maximino Zumalave. Ao mesmo tempo funda –xunto con Camilo Valdehorras, Antón Castro e Félix Otero– o grupo folk Tangaraño que dende finais dos anos 70 e durante un período de case un lustro se dedica á recreación da música popular e á musicación de poetas contemporáneos realizando concertos por toda Galicia. Ten colaborado con música orixinal na serie da TVG "*Historias con data*" de J. A. Durán. Co actor e director de teatro Celso Parada ten participado en espectáculos como "*Rapsodia Pimentel*" (1989-1990) e na montaxe teatral "*A increíble vida de Héctor Loureiro*" (Teatro do Morcego, 1997-98). Colaborou co acordeón nos discos de Fuxan os Ventos *Sempre e más despois* e *Na memoria dos tempos*. No 2000 edita (ed. non venal) o libro-disco *Para que nada se perda*, unha selección de pezas orixinais para acordeón acompañada dunha escolma de poemas.

Mª Xosé Merino López

Nacín e crieíme en Lugo. Aquí foi onde meu pai me ensinou a expresar os meus sentimentos a través da natureza e miña nai a modelar esas gratas sensacións coas miñas mans. O meu primeiro contacto musical co gravado produciuse no Museo Provincial grazas á obra de M. Castro Gil. Anos máis tarde coñecín a Isabel Somoza, mestra na arte do gravado, amiga coa que teño a sorte de compartir o libro "*A ras de suelo*", co que se comeza a coñecer a miña obra.

Daniel Noriega Fernández

Neto de Antonio Noriega Varela, naceu en Viveiro en 1956. É Mestre Industrial, rama de Delineación e creou varias empresas de tamaño medio. Sempre mantivo relación coa actividade cultural no eido da literatura, participando en lecturas cos poetas Carlos Oroza e Antonio Prados Ledesma e co escritor e xornalista Francisco Leal Insua, mentor e grande amigo. Na actualidade compaxina a xerencia da súa empresa cos estudos de Filosofía na UNED.

Santiago Noriega Fernández

Neto de Antonio Noriega Varela, naceu en Viveiro en 1968. Aos sete anos ingresa na Escola Elemental de Música de Viveiro e aos dez debuta como clarinetista coa Banda Municipal de Música de Viveiro. Titulado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago, dedicase profesionalmente ao mundo industrial ao tempo que cursa estudos de Grao Medio, especialidade de clarinete, no Conservatorio profesional de Música.